

# Semana de Rosalía 2016 – 1º 2º EP -- CPR PLURILINGÜE LA MERCED (Sarria)

Do 18 ao 24 de febreiro de 2016

Estas son as actividades que levaremos a cabo conxuntamente no 1º e 2º curso de EP para conmemorar o 179 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.

Xoves 18 de febreiro: POEMA

Traballaremos o poema “Alborada” de Cantares Gallegos para aprendelo e recitalo. (texto adxunto)

Venres 19 de febreiro: POSTAL

Elaboraremos unha postal cun anaco do poema dacordo ao que propón para este día a AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega) en #mobilizarosalía.

Luns 22 de febreiro: MURAL “CANTA PAXARIÑO CANTA”

Elaboración de murais no corredor da escola co motivo “Canta Paxariño Canta”.

Procederáse a enviar as postais por correo postal ás familias.

Martes 23 de febreiro: CANCIÓN

Seguirase traballando o poema, esta vez usando como recurso a canción “Alborada” do libro-disco Rosalía Pequeniña. Posibilidade de colorear un mandala con motivos de paxaros.

Mércores 24 de febreiro: POEMAS CON CHOCOLATE

Como vimos facendo estes últimos anos celebraremos a festa “Poemas con chocolate”. Xuntarémonos as dúas clases xuntas para celebrar a festa de aniversario de Rosalía: recitaremos, cantaremos, e degustaremos riquísimos poemas con chocolate; todo iso amenizado con música en directo gaita e acordeón.

## ALBORADA

**iCanta,  
paxariño, can-  
ta—de ponliña en pon-  
la,—que o sol se levan-  
ta—polo monte ver-  
de,—polo verde mon-  
te,—alegando as her-  
bas,—alegando as fon-  
tes!...**

iCanta, paxariño alegre,  
canta!  
iCanta porque o millo medre,  
canta!  
iCanta porque a luz te escoite,  
canta!  
Canta que fuxéu a noite.

**iCanta,  
paxariño, can-  
ta—de ponliña en pon-  
la,—que o sol se levan-  
ta—polo monte ver-  
de,—polo verde mon-  
te,—alegando as her-  
bas,—alegando as fon-  
tes!...**

dos aires,  
paxariño alegre,  
canta,  
canta porque o millo medre;  
cantor  
da aurora,  
alegre namorado,  
ás meniñas dille  
que xa sal o sol dourado.

Rosalía de Castro. Cantares  
Gallegos

Cantor

